

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN INFANTIL

1. INTRODUCCIÓN

Debido á crise sanitaria producida polo COVID-19, o terceiro trimestre do curso escolar 2019-20 estase a desenvolver de forma excepcional como é a propia situación en sí mesma. Toda a sociedade está a vivir un momento sen precedentes e o ámbito educativo atopase inmerso nesta situación de excepcionalidade.

2. OBXECTIVOS, CONTIDOS E COMPETENCIAS BÁSICAS

Dada esta situación, os centros educativos e docentes tivemos que adaptarnos ás circunstancias e cambiar a forma de traballo dun día para outro. Esta situación tamén fixo necesario adaptar os **obxectivos** e **contidos** do terceiro trimestre propostos na programación para axustarnos ás novas necesidades producidas polo confinamento e o distanciamento social, necesario para superar esta crise, e que fixo que os nenos e nenas sigan unha educación a distancia dende os seus fogares.

Tendo en conta os **obxectivos da nosa programación** intentamos reforzar algúns obxectivos xerais, comúns para todos os niveis de educación infantil e con diferentes **graos de consecución**, segundo o nivel no que se atope o alumnado. Así, algúns dos **obxectivos** que se potencian coas propostas de traballo dende a casa son:

- Explorar as posibilidades de movementos do seu corpo.
- Favorecer a autonomía dos nenos.
- Potenciar a coordinación óculo-manual.
- Promover hábitos alimenticios sans.
- Desenvolver hábitos e actitudes de colaboración coa familia.
- Estimular a súa creatividade.
- Reforzar o vocabulario.
- Mostrar actitudes de escoita.
- Utilizar o linguaxe para expresar necesidades, emocións e desexos.
- Utilizar adecuadamente os medios de comunicación.

Para o logro destes obxectivos definimos uns **contidos** a traballar tendo en conta a nosa programación e abordando as tres Áreas de coñecemento. Son:

- Exploración dos movementos corporais a través do ioga e de xogos.
- Adquisición dunha maior autonomía en relación a hábitos e rutinas.
- Desenvolvemento da coordinación óculo- manual a través do xogo.
- Identificación e gusto polos alimentos saudables.
- Desenvolvemento da creatividade a través da pintura, con manualidades ou a través dramatización.
- Vocabulario de contos, poemas, adiviñas.
- Coidado das emocións, as necesidades e desexos a través do diálogo, contos, xogos, vídeos.
- Emprego dos medios de comunicación para relacionarse cos demais.

Estos **obxectivos e contidos** os temos como referentes para a consecución das **competencias imprescindibles** a través de **propostas** para o alumnado. Neste momento a colaboración das **familias** é necesaria e fundamental no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado, participando como **colaboradores imprescindibles** . A continuación relacionamos as **competencias imprescindibles** que pretendemos alcanzar coas **propostas de traballo** que estamos a facer neste terceiro trimestre:

- **A competencia lingüística** poténciase a través do teatro de sombras; con vídeos de contos narrados polas mestras, familias e polos nenos e nenas; láminas de absurdos; a través de poemas, adiviñas, refráns e cancións; a través de sesións de cine, etc.
- **A competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico** desenvólvese con experimentos caseiros utilizando líquidos e alimentos; a través da realización de merendas saudables; das diferentes propostas de psicomotricidade, etc.
- **A competencia do tratamento da información e competencia dixital** lógrase a través de sesións de cine; dos videocontos; videoconferencias; apps; realización de fotos, etc.

- **A competencia social e cidadá** aparece en todas as propostas xa que están pensadas para facer en familias como por exemplo a proposta da maxia, a sesión de cine, a organización de videoconferencias grupais, os retos, as felicitacións de cumple, etc.
- **A competencia cultural e artística** desenvólvese a través da recreación de obras de arte; do visionado de curtametraxes; de diferentes propostas de cancións, bailes, xogos musicais, etc.
- **A competencia para aprender a aprender** poténciase con todos os xogos e actividades xa que perseguimos que os nenos e nenas sempre teñan un papel protagonista e activo desde as súas casas.
- **A competencia de autonomía e iniciativa persoal** lógrase tamén a través de todas as propostas podendo destacar, por exemplo, o xogo con bandexas Montessori ou a colaboración dos nenos nas tarefas domésticas.

3. METODOLOXÍA, ACTIVIDADES, MATERIAIS E RECURSOS

Metodoloxía

A **metodoloxía** que seguimos é **globalizada**, interrelacionando as aprendizaxes para mellorar o funcionamento de todos os mecanismos da personalidade infantil. Lévese a cabo unha **aprendizaxe significativa** tendo en conta as circunstancias deste momento e o entorno que os rodea.

Creemos importante continuar impulsando a **socialización e comunicación** entre as mestras e os nenos/as, e entre os propios nenos e nenas a través de aplicacións e videoconferencias.

O **xogo** produce no neno/a situacións placentiras e divertidas. É un elemento básico nas suas aprendizaxes e é importante continuar desenvolvendoo diariamente nos espazos que se poidan habilitar para el.

No **tratamento da diversidade** o neno/a, en cada proposta de traballo, debe considerarse como un ser distinto e, á vez, parte dun colectivo. Distinto, porque cada neno/a ten as súas peculiaridades persoais, o seu momento evolutivo e o seu ritmo persoal de aprendizaxe. E forma parte do grupo-clase onde ten que participar e colaborar nas tarefas grupais.

O que se pretende conseguir con esta metodoloxía activa baséase en facer que os nosos alumnos/as:

- Traballen de maneira **cooperativa** a través da proposta de realización de actividades individuais que forman parte dun conxunto común: realización de contos, vídeos, talleres...
- Intercambien **experiencias** e **opinións** cos seus compañeiros/as a través de videoconferencias.
- Leven a cabo **procesos de reflexión** sobre o que fan, como o fan e que resultados logran, sendo sempre supervisados polas mestras que lles da opinión e ánimos.
- Desenvolvan aspectos como a **autonomía**.

Actividades

A través da **Aula Virtual** do centro propoñemos diversas actividades que os nenos e nenas na súa casa poden realizar. Procuramos que sexan variadas e motivadoras e que non resulten complicadas para ás familias en canto a material e execución.

As actividades están dirixidas a traballar todo tipo de contidos e alcanzar os obxectivos propostos.

Semanalmente prepárase unha sesión de música e outra de psicomotricidade, nas que se propoñen bailes, sesións con instrumentos, circuitos ou relaxación, entre outras cousas.

Na Aula virtual hai unha sección de acceso a contos e un enlace a contacontos, documentos de alimentación saudable con receitas relacionadas co proxecto que estamos a levar a cabo este curso no centro escolar, actividades varias de atención, grafomotricidade, lectoescritura, lóxico-matemática ou plástica para traballar con recursos manipulativos e escritos. Tamén realizamos sesións de

máxia, arte, experimentos caseiros con comida e líquidos con materiais sinxelos de atopar, teatros de sombras... facilítanselles aplicacións para traballar diversos aspectos noutro formato, sesións de cine en familia con preparación anterior e posterior, etc.

Por outro lado, a través da aplicación que empregamos cada titora coa súa aula, propóñense retos, actividades para días de celebracións, adiviñas, mándanse contos cotados polas propias mestras e diversas actividades adaptadas ao ritmo e nivel de cada aula.

Cabe mencionar tamén a importancia, na nosa sociedade e na escola, das TIC. Como axentes educativos, debemos utilizar todas estas Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) para formar e preparar ós nosos alumnos/as. Neste momento o uso destas convirtese en algo imprescindible, para comunicarse cos compañeiros/as e as mestras, búsqueda de información, acceder os traballos subidos a web do centro polo profesorado, facer fotos e vídeos a eles mesmos e os seus traballos, entre outras cousas.

Materiais e recursos

En canto á **organización temporal**, precisamos crear tempos individuais, de relación mestra-alumno/a, e respetar o seu propio ritmo de aprendizaxe. Por outra banda, temos que facilitar tempos en común para todos os nenos/as xa que segue sendo de vital importancia a socialización. Isto facémolo a través das videoconferencias e posta en común de fotografías que cada un manda e compartimos cos demais compañeiros/as.

A **organización espacial** é difícil neste momento, xa que cada un debe adaptarse os espazos da súa vivenda. Segundo a nosa metodoloxía recomendamos crear espazos amplos que estimulen o movemento e as destrezas motrices, espazos de traballo e de xogo individual, que fomenten a exploración e o descubrimento, que permitan a actividade lúdica aproveitando tamén os espazos exteriores, se é posible.

Con respecto aos **materiais**, todas as actividades propostas precisan materiais sinxelos de atopar, material funxible ou de reciclaxe e material escolar básico. E para recibir a nosa información e a busca doutra precisan de aparellos

tecnolóxicos como un teléfono mobil, tablet ou ordenador (aparells persoais non cedidos polo colexio ou pola administración).

Un recurso imprescindible son os **humanos**, debemos destacar sempre as familias e máis aínda neste momento. Sen elas este proceso de ensino-aprendizaxe non sería posible. Na relación familia-escola os intercambios de información son continuos a través de diversas canles. Realízanse intercambios grupais a través de información que vai dirixida a todas as familias mediante a aplicación mobil que empregamos para elo, e información individual a través de contactos privados pola mesma aplicación, vía telefónica ou correo electrónico.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A comunicación familia-escola supón nesta situación excepcional máis ca nunca, a maior ferramenta para favorecer o proceso de ensinanza-aprendizaxe e poder levar a cabo un seguimento contínuo do alumnado. Por este motivo, as canles de comunicación que se empregan, son preferentemente as recomendadas pola Consellería de Educación:

1. O correo electrónico persoal da Xunta.
2. Aula virtual da páxina web do cole: onde creamos un banco de recursos e propostas para o alumnado, relacionado con todas as áreas do currículo.
3. Aplicacións por medio de móbil e/ou ordenador para videoconferencias ou mensaxes instantáneas: *Abalarmóbil*, *Webex*, *ClassDojo*.

De ser o caso, unha vez esgotadas tódalas medidas de comunicación que nos proporciona a Consellería de Educación, e por tratarse dunha situación anómala, faise uso da aplicación de mensaxería *WhatsApp*.

En todo momento respetaremos o *Protocolo de protección de datos persoais e identidade dixital* e a *Ley Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais*.

5. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación, segundo a Orde do 25 de Xuño de 2009 e o Decreto 330/2009 do 4 de Xuño, na Educación Infantil será global, continua e formativa.

O principal Instrumento de avaliación é a observación directa e sistemática do noso alumnado. Aspecto que resulta moi complicado levar a cabo na situación que estamos a vivir polo que, resaltamos a importancia dunha boa relación e comunicación coas familias xa que necesitamos da súa axuda para:

- Poder achegarnos un pouco ao noso alumnado (mediante videoconferencias colectivas, videochamadas, chamadas telefónicas, correos electrónicos, páxina web, ClassDojo ou WhatsApp en algunhas ocasións).
- Poder recoller toda a información que nos poidan proporcionar.
- Facernos chegar as distintas actividades que realizan a partir do que lles propoñemos.

O equipo de Infantil decidiu, que na terceira avaliación, terase en conta todo o avanzado no primeiro e segundo trimestre, pero tamén, de ser o caso, se considerarán as melloras que observemos neste último.